

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11063 *Lei orgánica 6/2014, do 29 de outubro, complementaria da Lei de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, mediante a cal se traspoñen ao noso ordenamento diversas decisións marco, incide sobre algunhas materias cuxa regulación é obxecto de lei orgánica. Deste modo, ao tempo que se aproba a nova Lei de recoñecemento mutuo, resulta necesario modificar a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Como sucedeu xa cada vez que se incorpora unha nova decisión marco sobre recoñecemento mutuo, a lei regula ao longo do seu articulado a competencia daquelas autoridades xudiciais encargadas de emitir, recoñecer e executar as resolucións xudiciais que son obxecto desta.

Dado que nesta ocasión a nova lei traspón non unha senón varias decisións marco, ademais dunha directiva, sobre recoñecemento mutuo, son varias as competencias que se crean ao seu amparo. Desta forma, prevense novas competencias dos xulgados e tribunais competentes en materia penal en relación coas sentenzas polas cales se impoñen penas ou outras medidas privativas de liberdade, o exhorto europeo de obtención de probas, a resolución de liberdade vixiada, a resolución sobre medidas de vixilancia da liberdade provisional e a orde europea de protección. Respecto da orde europea de detención e entrega, inclúese tamén o xuíz central de menores como autoridade de execución competente cando a orde se refira a un menor. Nos demais casos, a autoridade competente será o xuíz central de instrución da Audiencia Nacional.

Por este motivo, é necesario modificar tamén a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que enumera as competencias dos órganos xurisdicionais, continuando coa tendencia seguida con motivo da transposición de anteriores decisións marco sobre recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais.

Non obstante o anterior, a reforma que agora se leva a cabo ten en conta o carácter dinámico da cooperación xudicial penal na Unión Europea, o que leva non a atribuír competencias pechadas aos distintos órganos xudiciais con competencia en materia penal, senón a recoñecerlles competencia para a execución das ordes europeas que se lles encomenden nas normas específicas en materia de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais en materia penal na Unión Europea. Desta forma, a evolución normativa desta materia non obrigará a reformar puntualmente a Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícanse os artigos 65, 87, 87 ter, 88, 89 bis, 94, 96 e 97 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que quedan redactados como segue:

Un. Modifícase o numeral 4.º do artigo 65:

«4.º Dos recursos respecto aos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei e a resolución dos procedementos xudiciais de extradición pasiva, sexa cal for o lugar de residencia ou en que tivese lugar a detención do afectado polo procedemento.»

Dous. Modifícase a redacción da letra g) do número 1 do artigo 87:

«g) Da emisión e da execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei.»

Tres. Engádesse unha nova letra f) ao número 1 do artigo 87 ter, coa seguinte redacción:

«f) Da emisión e da execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei.»

Catro. Modifícase o artigo 88:

«Na vila de Madrid poderá haber un ou máis xulgados centrais de instrución, con xurisdición en toda España, que instruirán as causas cuxo axuizamento corresponda á Sala do Penal da Audiencia Nacional ou, se é o caso, aos xulgados centrais do penal, e tramitarán os expedientes de execución das ordes europeas de detención e entrega, os procedementos de extradición pasiva, os relativos á emisión e á execución doutros instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei, así como as solicitudes de información entre os servizos de seguridade dos Estados membros da Unión Europea cando requiran autorización xudicial, nos termos previstos na lei.»

Cinco. O número 4 do artigo 89 bis queda redactado como segue:

«4. Corresponde aos xulgados do penal a emisión e a execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei.»

Seis. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 94:

«1. En cada provincia, e dentro da orde xurisdicional penal, haberá un ou varios xulgados de vixilancia penitenciaria, que terán as funcións xurisdicionais previstas na Lei xeral penitenciaria en materia de execución de penas privativas de liberdade e medidas de seguridade, emisión e execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei, control xurisdicional da potestade disciplinaria das autoridades penitenciarias, amparo dos dereitos e beneficios dos internos nos establecementos penitenciarios e demais que sinale a lei.»

«4. Na vila de Madrid, con xurisdición en toda España, haberá un ou varios xulgados centrais de vixilancia penitenciaria, que terán as funcións xurisdicionais previstas na Lei xeral penitenciaria, descritas no número 1 deste artigo, a competencia para a emisión e execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei e demais funcións que sinale a lei, en relación cos delitos competencia da Audiencia Nacional. En todo caso, a competencia destes xulgados centrais será preferente e excluínte cando o penado cumpra tamén outras condenas que non fosen impostas pola Audiencia Nacional.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 96:

«2. Na vila de Madrid, con xurisdición en toda España, haberá un xulgado central de menores, que coñecerá das causas que lle atribúa a lexislación

reguladora da responsabilidade penal dos menores, así como da emisión e da execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lle atribúa a lei.»

Oito. Modifícase o artigo 97, que queda redactado como segue:

«Correspóndelles aos xuíces de menores o exercicio das funcións que establezan as leis para cos menores que tivesen incorrido en condutas tipificadas pola lei como delito ou falta e aqueloutras que, en relación cos menores de idade, lles atribúan as leis, así como da emisión e da execución dos instrumentos de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea que lles atribúa a lei.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY